

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7137 *Corrección de erros do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro.*

Advertidos erros no Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 114, do 12 maio de 2012, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, preámbulo, primeira liña do segundo parágrafo, onde di: «Co fin de illar e dar saída no mercado aos activos inmobiliarios, cuxa», debe dicir: «Co fin de illar e dar saída no mercado aos activos cuxa».

Na páxina 5, no número 1 do artigo 8, onde di: «no artigo 3 do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro,», debe dicir: «no artigo 3 deste real decreto lei,».

Na páxina 5, no número 1 do artigo 8, última liña, onde di: «artigos 83 e 94 da dita lei.», debe dicir: «artigos 83 e 94 da Lei do imposto sobre sociedades.».

Na páxina 5, no número 2 do artigo 8, segunda liña, onde di: «artigo 108 da Lei 24/1988, do 27 de xullo, do mercado de valores,», debe dicir: «artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores,».

Na páxina 5, no número 2 do artigo 8, terceira liña, onde di: «consecuencia da constitución das sociedades para a xestión de activos inmobiliarios previstas», debe dicir: «consecuencia da achega de activos ás sociedades para a xestión de activos previstas».

Na páxina 7, no texto marco da disposición derradeira segunda, segunda liña, onde di: «disposición adicional terceira ao texto...», debe dicir: «disposición adicional cuarta ao texto...».

Na páxina 7, na disposición derradeira segunda, no título da disposición adicional que se engade, onde di: «Disposición adicional terceira.», debe dicir: «Disposición adicional cuarta.».

Na páxina 8, na disposición derradeira cuarta, no número Un.1, onde di: «artigo 2 do Real decreto lei xx/2012, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro,», debe dicir: «artigo 2 do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro,».

Na páxina 11, no anexo, onde di: «Con garantía hipotecaria», debe dicir: «Con garantía real».